

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 3 de novembro de 2023**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día tres de novembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33123.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2023.

2.33124.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A IMPLANTACIÓN DE AGRO-COMPOSTAXE EN SINERXÍA COS BIORRESIDUOS MUNICIPAIS  
(Expte.2022048522)

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 5 de agosto de 2022, aprobou as bases reguladoras da concesión de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 157, de data 18 de agosto de 2022

O obxecto desta convocatoria é promover e aproveitar as sinerxías asociadas á co-compostaxe de biorresiduos de orixe doméstica, recollidos de forma separada en orixe, cos residuos orgánicos agro-gandeiros, silvícolas, vitivinícolas, hortofrutícolas ou similares, cunha liña de subvencións destinada a financiar a construción ou adaptación das instalacións adecuadas para iso, na que se inclúe tanto a obra civil coma a maquinaria etc., coa finalidade de utilizar en orixe o compost resultante.



Segundo. Debido á propia natureza da convocatoria, nas bases reguladoras establecíase que a valoración das solicitudes se realizaría de maneira independente nas seguintes fases:

FASE 1.- No prazo de 30 días naturais desde a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, as posibles entidades beneficiarias presentarán unha manifestación de interese en participar nesta convocatoria xunto cunha serie de documentación que se reflectía na base sexta.

FASE 2.- Unha vez que o persoal técnico provincial verifique a viabilidade da solicitude inicial e emita o informe correspondente, se lles notificará dita circunstancia ás entidades seleccionadas e abrirase un novo prazo de 120 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación no BOPPO desa comunicación, para que acheguen o anteproxecto e o estudo de viabilidade económica da instalación e que serán obxecto de valoración conforme aos criterios establecidos na base décimo primeira; así mesmo, ás entidades que non resultasen seleccionadas se lles comunicarán os motivos do rexeitamento.

Terceiro. Finalizado o prazo relativo á fase 1, as solicitudes presentadas foron as seguintes:

Accesca Emprego, Asociación San Xerome Emiliani, Ecocelta Galicia S.L., Bodegas Martín Códax S.A, Viñas e Terras do Pazo S.L e Señorío de Rubiós S.L.

Cuarto. Finalizada a instrución da primeira fase, o Servizo de Asistencia Intermunicipal emite informe en data 27 de febreiro de 2023, con CSV: 05EO3VJNPMEU12WA, no que se relacionan de xeito motivado as entidades seleccionadas para a segunda fase, así como as excluídas deste procedemento.

Quinto. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2023, acordou aceptar as solicitudes presentadas por Accesca Emprego, Asociación San Xerome Emiliani, Bodegas Martín Códax S.A. e Viñas e Terras do Pazo S.L. e excluír do procedemento as solicitudes presentadas por Ecocelta Galicia S.L. e Señorío de Rubiós S.L. nos termos expostos no informe do Servizo de Asistencia Intermunicipal citado anteriormente

Sexto. Por anuncio publicado no BOPPO nº 48, de 9 de marzo de 2023, abriuse un novo prazo de 120 días naturais para que as entidades seleccionadas achegasen o anteproxecto e o estudo de viabilidade económica da instalación proposta.

Rematado dito prazo o 7 de xullo de 2023, presentaron as súas solicitudes as entidades Accesca Emprego (actualmente Lume S.L, por cambio da denominación social dende xullo de 2023), Bodegas Martín Códax S.A. e Viñas e Terras do Pazo S.L.

Sétimo. O 29 de setembro de 2023 o xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal emite informe-proposta das solicitudes presentadas na Fase II da convocatoria, no que se relaciona as solicitudes por orde decrecente de puntuación, indicando a subvención máxima que lle corresponde a cada unha das entidades beneficiaras, así como a proposta motivada das entidades excluídas.



Oitavo. O 24 de outubro de 2023 o Servizo de Intervención emite informe favorable á tramitación do expediente, reflectíndose que na aplicación 23/923.1623.779.01.2022 do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto derivado das subvencións outorgadas.

Noveno. O 25 de outubro de 2023 os integrantes da Comisión de Avaliación prestan a súa conformidade ao informe-proposta emitido polo xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en relación ás solicitudes que optaron á fase II da convocatoria de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais.

Décimo. De acordo co disposto na base décimo segunda da presente convocatoria, o órgano instructor formulou proposta de resolución definitiva expresando a relación de entidades solicitantes para ás que se propón a concesión de subvención e a súa contía máxima, recollendo, así mesmo, as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento, e cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

*“...Vistos os antecedentes de feito mencionados e o tratamento técnico exposto, e tendo en conta que de acordo co establecido na base cuarta da convocatoria establece que cada entidade solicitante poderá obter unha subvención máxima do 75% do custo total da actuación reflectida no anteproxecto presentado, ata un máximo de subvención de 600.000,00 €, fórmulase a seguinte*

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Primeiro. Conceder as seguintes subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, conforme ao seguinte detalle:*

<i>Entidade</i>	<i>Contía da subvención a percibir</i>
<i>Bodegas Martín Códax S.A.</i>	<i>600.000,00 euros</i>
<i>Viñas e Terras do Pazo S.L.</i>	<i>257.015,48 euros</i>
<i>Total</i>	<i>857.015,48 euros</i>

*Segundo. Desestimar a proposta da entidade LUME S.L. ao estar indebidamente xustificada, nos termos expostos no corpo da presente proposta de resolución.*

*Terceiro. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 857.015,48 euros con cargo á aplicación 23/923.1623.779.01.2022 do vixente orzamento provincial”.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

##### Réxime Xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023.
- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 157, de data 18 de agosto de 2022.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 12ª da convocatoria relativa á instrución e procedemento que indica que lle corresponde ao Servizo de Asistencia Intermunicipal realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

##### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polas entidades beneficiarias.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigos 17 e ss. da Ordenanza Xeral que regulan os procedementos de concesión de subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables.



- Base reguladora 13ª da convocatoria, que establece que unha vez aceptada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento; a resolución deberá motivarse e deberá conter a relación de entidades solicitantes ás que se concede a subvención, facendo constar, no seu caso, a desestimación do resto das solicitudes de maneira expresa.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais; vista a proposta de resolución do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, que se acepta na súa integridade e visto, así mesmo, o informe da Intervención provincial, de data 24 de outubro de 2023, favorable á tramitación do expediente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Conceder as seguintes subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, ás entidades que se relacionan a continuación:

Entidade	Contía da subvención a percibir
Bodegas Martín Códax S.A.	600.000,00 euros
Viñas e Terras do Pazo S.L.	257.015, 48 euros
Total	857.015,48 euros

Segundo. Desestimar a proposta da entidade LUME S.L. ao estar indebidamente xustificada, nos termos expostos na proposta de resolución do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, co código seguro de verificación CSV: 7KPQYP0FOIYFSQ0Q, que se acepta na súa integridade servindo de motivación ao presente acordo.

Terceiro. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 857.015,48 euros con cargo á aplicación 23/923.1623.779.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Cuarto. Darlle traslado do presente acordo as entidades interesadas no procedemento, Presidencia, Intervención e Servizo de Asistencia Intermunicipal.

3.33125.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ESCOLAS DE MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIONES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023 (Expte.2022076153)

Primeiro. A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 11 de agosto de 2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de axudas a Escolas de Música dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2023.

Segundo. Con data 21 de agosto de 2023 procédese á publicación das referidas bases no BOPPO núm. 160 de 21 de agosto de 2023, establecendo nas mesmas que o prazo de presentación de solicitudes rematou o 29 de setembro.



Terceiro. Trala reunión da Comisión de Valoración nomeada ao efecto con data 26/10/2023, a xefatura do Servizo de Cultura, na mesma data, emite informe proposta respecto das solicitudes presentadas. Consta no expediente a relación de persoas beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas polos motivos que se indican.

Cuarto. Con data 27/10/2023 desde Intervención emiten informe de fiscalización favorable que figura no expediente co CSV: FQZRG7DIZ1UNWMID.

Fundamentos:

Primeiro. Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; artigo 232 no caso de tratarse de Asociacións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o art. 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- O artigo 48.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece que poderán cursarse estudos de música ou de danza que non conduzan á obtención de títulos con validez académica ou profesional en escolas específicas, con organización e estrutura diferentes e sen limitación de idade.



Pola súa banda, a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 11 de marzo de 1993, regula as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade Autónoma de Galicia, salientando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia e no seu punto 12 clasifica as escolas de música como públicas ou privadas, segundo o seu titular sexa un organismo de carácter público, ou unha persoa física ou xurídica de carácter privado.

Cuarto.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e o artigo 118 d) a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Quinto.- En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a 29 escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para os gastos de funcionamento, para o ano 2023, por un importe total de 90.000,00 € con cargo á aplicación 23/330.3260.489.09 e que figuran na relación que se achega co CSV: 7JBLEYJYPNUR3EV6

Segundo.- Excluir desta convocatoria un total de tres solicitudes, dúas por non cumprir cos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e unha por desistencia da solicitude e que figuran no expediente co CSV: 1BUWN0PG17P4MFC7.

4.33126.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARZOBISPO LAGO” DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, RELATIVO Á SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA. (Expte.2021018907)

1. A Xunta de Goberno en sesión de 6 de agosto de 2021 adxudicoulle ao *Concello de Vilagarcía* unha subvención por un importe máximo de 100.000 euros, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de 24 de febreiro de 2021. Subvencionase a realización da actuación “*Humanización da rúa Arzobispo Lago*” proxecto redactado por Mariano Vázquez Iglesias (arquitecto), asinado en novembro de 2022.

2. O *Concello de Vilagarcía* aprobou unha modificación do proxecto con posterioridade á concesión da subvención por parte da Deputación e en consecuencia procédese á revisión da Resolución de Concesión.



Consideracións:

PRIMEIRA: O arquitecto da Deputación de Pontevedra Martín Barreiro Cruz, validou e informou favorablemente as modificacións do proxecto ao respecto do cumprimento das Bases reguladoras da convocatoria das subvencións; informe de 30/06/2023.

O informe emitido polo arquitecto, do 30/06/2023 é do seguinte teor:

*O proxecto modificado non supón variación algunha en ningún dos elementos suxeitos a puntuación xa que, a superficie do espazo público gañada para as e os peóns no proxecto modificado é a que se indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención.*

*Tal e como se describe na xustificación do modificado, as modificacións que se realizan no proxecto orixinal teñen relación coas conducións soterradas de saneamento.*

Conclusión:

Examinada a normativa vixente e a documentación remitida polo *Concello de Vilagarcía*, faise constar que o proxecto construtivo entregado presenta de forma correcta a seguinte documentación:

- *Datos identificativos do Proxecto: "Humanización da rúa Arzobispo Lago".*
- *Autor do proxecto modificado e data de redacción: Mariano Vázquez Iglesias (arquitecto), novembro de 2022.*
- *Prazo de execución: 6 meses*
- *Documentación necesaria nos proxectos de obras segundo o art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.*
- *O proxecto redactouse de acordo con:*
  - *Os principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público*
  - *Os criterios establecidos na Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable, editada pola Deputación de Pontevedra*
  - *Os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas especificados no anexo I.*
- *O proxecto cumpre os incrementos mínimos especificados para optar á subvención:*
  - *O incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación debe ser dun 50% con respecto ao existente na actualidade.*
  - *Os espazos gañados para as e os peóns terán unha superficie mínima de 300 metros cadrados.*
- *O proxecto modificado non supón variación algunha en ningún dos elementos suxeitos a puntuación xa que, a superficie do espazo público gañada para as e os peóns no proxecto modificado é a que se indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención.*
- *Tal e como se describe na xustificación do modificado, as modificacións que se realizan no proxecto orixinal teñen relación coas conducións soterradas de saneamento.*

*Por todo o anterior, emétese INFORME FAVORABLE de adecuación técnica do proxecto ós efectos de xustificación da subvención.*





SEGUNDA: O derradeiro parágrafo da base reguladora 14 preceptúa:

*“Se durante a execución da obra xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar, de acordo co establecido na normativa de contratos, o modificado do proxecto, que deberá aprobalo o órgano competente do Concello. Os gastos nos que incorra o concello para a redacción do modificado non serán subvencionados. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará o modificado e, de ser o caso, prestará a súa aprobación, co fin de verificar que se seguen cumprindo os criterios que permitiron a concesión da subvención.*

*No caso de que a modificación supoña un incremento do orzamento da obra, este incremento tamén poderá ser financiado con cargo ás baixas de adxudicación recollidas na base terceira. A subvención aplicarase ao importe total certificado da obra, incluídas as súas modificacións, cos límites establecidos na base reguladora terceira.”*

Así, conforme á base reguladora terceira o Concello poderá obter unha subvención máxima do 20% do orzamento base de licitación das obras, ata un importe máximo de 100.000€.

En base ao que antecede, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aprobación da modificación do proxecto conforme o informe de validación transcrito na consideración primeira.

5.33127.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “ITINERARIOS E ESPAZO DE ENCONTRO ENTRE MULLERES” DA FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR (CONCELLO DE VIGO). (Expte. 2023018288)

A Fundación Juan Soñador solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Itinerarios e espazo de encontro entre mulleres*”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 29 de 10 de febreiro de 2023.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 11 de agosto de 2023, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 6.000,00 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Esta entidade, con data de 19 de setembro presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2023053919, no que nos comunica cambios no proxecto presentado inicialmente, en canto a modificación da distribución do persoal que dedica ao proxecto para dar apoio nas actividades de información, orientación e realización de itinerarios.

Entre os obxectivos que a entidade persegue coa realización do proxecto está o de acadar que as mulleres migrantes se empoderen e rompan o illamento potenciando a conciencia cidadá dentro do colectivo para o exercicio dos seus dereitos e deberes. Co proxecto pretenden acadar que as mulleres migrantes se sintan acollidas para coñecer a súa situación e necesidades, informalas sobre os dereitos e deberes, darlles orientación para conseguir a súa inserción e integración, etc.



No proxecto presentado inicialmente para a consecución destes obxectivos programaron a creación dun espazo de encontro entre estas mulleres; desenvolvemento de diferentes actividades de acollida, información, orientación e asesoramento e a realización de itinerarios personalizados de inserción. O equipo profesional dedicado ao proxecto contemplaba unha coordinadora (dúas horas semanais de xaneiro a decembro) e unha educadora (contratada 3,5 horas semanais de 1 de xaneiro a 15 de xullo e, 7,75 horas semanais do 16 de xullo a 31 de decembro de 2023).

Por motivos de organización do proxecto, á educadora á que lle ían ampliar as horas dedicadas ao programa (ata 7,75 horas semanais do 16 de xullo a 31 de decembro), non pode asumir esta parte todos os meses, polo que contratarán a outra educadora para participar na realización do proxecto; solicitándonos para elo modificación do proxecto.

Con data 10/10/2023 o Servizo de Igualdade emite informe sinalando que a entidade, con esta solicitude de modificación do proxecto non dana dereitos de terceiros, non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude e foi presentada en forma e prazo.

Con data 16/10/2023 Intervención emite dilixencia de Fiscalizado e Conforme respecto da proposta de modificación.

Con data 19/10/2023 réunese a Comisión de Valoración e autoriza a solicitude de modificación do proxecto xa que non se danan intereses de terceiros, non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e mantense a finalidade da subvención.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de dous meses dende a resolución se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros; como é o caso do cambio solicitado pola Fundación Juan Soñador.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo sexta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación do proxecto “*Itinerarios e espazo de encontro entre mulleres*”, solicitado pola Fundación Juan Soñador (CIF: G24452435), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023.



6.33128.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2020 PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVIZO”, DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN DO ESTADO. (Expte. 2023058887)

A Deputación de Pontevedra conta un amplo parque de vehículos e maquinaria necesarios para o normal exercicio das actividades propias da Institución Provincial, segundo as competencias atribuídas no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Os combustibles cos que funcionan os diferentes vehículos son fundamentalmente os seguintes:

- Gasóleo de automoción (clase A).
- Gasóleo para uso agrícola (clase B).
- Gasolina sen chumbo 95 octanos.
- Aditivo de urea diluída destinado á eliminación de óxidos de nitróxeno en vehículos de gasóleo.

Para a axilidade e demais vantaxes nos procedementos de contratación pública, a Deputación de Pontevedra adhiúrese ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e, desde o 31 de marzo de 2021, figura adherida ao Acordo Marco 21/2020 “Subministración de combustibles en estacións de servizo” resolvendo a DIRECCIÓN GENERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN.

Por este motivo, a Xunta de Goberno do 18 de xuño de 2021 acordou adxudicar á empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345) o contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 para a “Subministración de combustibles en estacións de servizo” por un prazo máximo de 18 meses, e a posibilidade dunha prórroga cunha duración dun ano.

Tendo en conta que o vindeiro 31 de decembro de 2023 finaliza a prórroga do vixente contrato baseado no citado Acordo Marco AM 21/2020 – Lote 1 (actualmente prorrogado ata o 31 de maio de 2024), e, a vista de que diversos servizos da Deputación de Pontevedra puxeron de manifesto diferentes necesidades de adquisición de combustible para a súa flota de vehículos e maquinaria, a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en data 21 de setembro de 2023, dita providencia na que se propón iniciar o expediente para a contratación dun contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.



O contrato proposto ten un período de duración de 11 meses, desde o 01/01/2024, ata o 30/11/2024, sen posibilidade de prórroga, tal e como establece a cláusula 23.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP). Na citada cláusula indícase que “conforme ao disposto no artigo 219.3 da LCSP, a duración dos contratos baseados será independente da duración do Acordo Marco e só se poderá adxudicar durante a vixencia deste. Se ben, a súa duración non poderá exceder en máis de seis meses respecto á vixencia do acordo marco do que derivan”. O Acordo Marco está vixente ata o 31/05/2024.

O orzamento base de licitación é de 394.279,76 €, conforme ao seguinte detalle:

Importe, sen IVE	Importe do IVE	IMPORTE TOTAL (IVE incluído)
325.851,04 €	68.428,72 €	394.279,76 €

O servizo de Contratación, con data 18 de setembro de 2023, elabora o “documento de invitación” previsto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas regulador do Acordo Marco, e solicita o preceptivo informe a Subdirección responsable do AM 21/2020.

Tendo en conta o informe da Subdirectora Xeral de Contratación Centralizada de Servizos e Subministracións de Carácter Operativo de data 28 de setembro de 2023.

Con data 25 de outubro de 2023, o servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación.

Tendo en conta que en data 26 de setembro 2023 Intervención emite os seguintes documentos de retención de crédito para facer fronte aos gastos derivados desta contratación:

Centro Xestor	Aplicacións Orzamentarias	Importe total (IVE incluído)	Nº de operación RCFUT1
ARQUIVO	24/332.3322.221.03	1.098,90 €	202300198394
CENTRO PRINCIPE FELIPE	24/232.2312.221.03	39.987,00 €	202300198401
COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	24/924.9240.221.03	1.673,30 €	202300198404
COOPERACION	24/942.4330.221.03	5.994,00 €	202300198405
E.F. AREEIRO	24/413.4123.221.03	6.293,40 €	202300198406
FINCA MOURISCADE	24/410.4120.221.03	4.530,00 €	202300198410
INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	24/456.4530.221.03	201.228,00 €	202300198411
MEDIO AMBIENTE	24/410.4100.221.03	9.993,60 €	202300198413
NN'TT	24/926.9260.221.03	1.239,48 €	202300198417
ORAL	24/932.9320.221.03	1.918,08 €	202300198419
PARQUE MÓBIL	24/920.9200.221.03	101.364,00 €	202300198434
SAIM	24/923.1623.221.03	18.960,00 €	202300198437



Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 11 de outubro de 2023.

Visto que, con data 13 de outubro de 2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que con data 25 de outubro de 2023, informa favorablemente esta contratación.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación da subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra mediante a Central de Contratación do Estado, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 (Lote 1: Península).

A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco (COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA) (A28003119) e SOLRED S.A. (A79707345)), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

O prazo de duración será de 11 meses, desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de novembro de 2024, sen posibilidade de prórroga.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 394.279,76€.

O valor estimado (incluída a posible modificación do 20%) é de 391.021,25€.

2.- Aprobar o documento de nova licitación (CSV: DLLHEJC9YXB8JXUS) que rexerá dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 394.279,76€, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, que quedarán condicionados á aprobación do orzamento do ano 2024 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo

Anualidade	Centro xestor	Aplicacións orzamentarias	Importe total (IVE incluído)
2024 (01/01/2024 a 30/11/2024)	ARQUIVO	24/332.3322.221.03	1.098,90 €
	CENTRO PRINCIPE FELIPE	24/232.2312.221.03	39.987,00 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	24/924.9240.221.03	1.673,30 €
	COOPERACION	24/942.4330.221.03	5.994,00 €
	E.F. AREEIRO	24/413.4123.221.03	6.293,40 €
	FINCA MOURISCADE	24/410.4120.221.03	4.530,00 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	24/456.4530.221.03	201.228,00 €
	MEDIO AMBIENTE	24/410.4100.221.03	9.993,60 €
	NNTT	24/926.9260.221.03	1.239,48 €
	ORAL	24/932.9320.221.03	1.918,08 €
	PARQUE MÓBIL	24/920.9200.221.03	101.364,00 €
	SAIM	24/923.1623.221.03	18.960,00 €

4.- Nomear como responsable do contrato aos xefes dos centros xestores

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 1 do Acordo Marco 21/2020.

O prazo rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 5 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica da Deputación de Pontevedra (VORTAL).

7.33129.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DE EQUIPOS AUTOMÁTICOS PARA A DETERMINACIÓN DE PROTEÍNA E GRAXA BRUTA PARA LABORATORIO DA FINCA MOURISCADE”. (Expte. 2023058918)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscade situada no termo municipal de Lalín.



A Finca de Mouriscade ten como fins dar respostas a moitas das necesidades do sector primario. Este centro conta cun laboratorio que realiza análises de pensos, materias primas e forraxes para alimentación animal; así como as análises de augas e a identificación de xerme en mostras de leite. Á súa vez desenvolve programas con entidades públicas e privadas.

Cos análises de alimentación animal efectuados no laboratorio da Finca Mouriscade búscase mellorar as condicións do sector primario; xa que permite que as racións nutricionais sexan máis eficientes, de mellor calidade e incrementar a produción. Co isto mellóranse as condicións económicas dos gandeiros e facilitando a fixación de poboación no rural. O laboratorio leva efectuando análises dende fai moitos anos, polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar os nosos servizos as cambiantes necesidades do sector.

Nas actividades desenvolvidas na Finca de Mouriscade perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Polo que respecta ao presente contrato, nas racións nutricionais dos animais son fundamentais os parámetros de proteína bruta e graxa bruta en mostras de forraxes, pensos e materias primas, sendo estes moi demandados polos usuarios do laboratorio.

Nestes momentos ambos parámetros analízanse con equipos moi antigos e desgastados polo seu uso, estando sometidos a un ritmo moi alto de traballo polo acostuman a sufrir numerosas e custosas avarías ao longo do ano, incluso algúns dos repostos están descatalogados. Tampouco dan a cobertura adecuada ao gran número de mostras recibidas.

Como consecuencia disto, estes equipos están con un risco de elevada obsolescencia, sendo estes equipos básicos no traballo diario.

Coa finalidade da renovación dos equipos para a determinación de proteína e graxa é necesario a adquisición dos tres equipos seguintes:

- Para a determinación da proteína:
  - o Equipo destilador-valorador automático con autosampler para el análises de proteína bruta segundo o método oficial kjeldahl.
- Para a determinación de graxa:
  - o Equipo automático para realizar o proceso de hidrólises.
  - o Equipo automático para realizar o proceso de extracción.



Estes equipos permitirían optimizar a obtención de resultados, xa que:

- Acurta os tempos.
- Axilizan os controis.
- Ao ser equipos automáticos permite as validacións oficiais, xa que realizan tratamentos informatizados de datos mellorando globalmente a xestión do control de calidade.
- Simplificar os procedementos de ensaio ao ser equipos novos.
- Aumenta a fiabilidade e produtividade.

Atendendo ao obxecto desta contratación, a Deputación de Pontevedra non dispón do persoal adecuado nin dos medios técnicos necesarios para a elaboración deste equipo motivo polo que unicamente se pode recorrer a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de subministracións.

En base ao exposto, con data 18 de setembro de 2023, a xefa do servizo de Medio Ambiente, emite informe no que, co visto e prace do deputado delegado, propón a contratación da subministración, instalación e posta en marcha de equipos automáticos para a determinación de proteína e graxa bruta para o laboratorio da Finca Mouriscade. O contrato proposto ten un prazo de execución de 6 semanas, a contar dende a súa formalización, sen posibilidade de prórrogas, e un orzamento base de licitación de 132.000,00 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 28 de setembro de 2023, a Intervención emite documentos de retención de crédito número 202300200370, 202300200371 e 202300200372, polos importes de 10.925,00 euros, 18.575,00 euros e 102.500,00 euros respectivamente, con cargo ás aplicacións orzamentarias 410.4120.623.01.2022 (Proxecto: XSANOR), 410.4120.623.01 (Proxecto: XSANOR) e 410.4120.623.01 do vixente orzamento provincial, respectivamente.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 05 de outubro de 2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 16 de outubro de 2023, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 17 de outubro de 2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 26 de outubro de 2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 27 de outubro de 2023.





Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificáanse como contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Subministración, instalación e posta en marcha de equipos automáticos para a determinación de proteína e graxa bruta para o laboratorio da Finca Mouriscade*”.

O prazo de execución será de 6 semanas, contado desde a data de formalización do contrato.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 132.000,00€.

O valor estimado é de 109.090,91 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: LYD74Y4YGYF6Y1NZ) e de prescricións técnicas (CSV: UHHIGKSWM6TFE1T0) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 132.000,00 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	410.4120.623.01.2022 - XSANOR	10.925,00 €
2023	410.4120.623.01 - XSANOR	18.575,00 €
2023	410.4120.623.01	102.500,00 €

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.



- 4.- Nomear responsable do contrato a xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.
- 5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

8.33130.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO EDUCATIVA DO PROGRAMA DEPOAVENTURA A LANZADA”. (Expte.-2021035025)

Na sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de “*Servizo de asistencia técnico educativa do programa DepoAventura A Lanzada*” á empresa Golfinho Xestión de Ocio S.L. (B-70072905) para o desenrolo de 11 quendas conforme ao detalle reflexado no citado acordo, e polo seguinte importe:

Importe sen o IVE: ..... 194.438,13 €  
IVE (10%): ..... 19.443,81 €  
Importe total ofertado: ..... 213.881,94 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 25 de marzo de 2022, sendo o prazo de duración desde a citada data de sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha, previa aprobación das bases reguladoras do programa para dito período.

Por acordo nº 3.33038 da Xunta de Goberno de data 13/10/2023 apróbanse as bases reguladoras do programa CAMPAMENTOS A LANZADA 2024 (expte. nº 2023045060).

Con data 14 de setembro de 2023 a xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude, coa conformidade do deputado delegado, emite informe co CSV 9RYZE4APJ5QRJWI1, no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos desde o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 15 de setembro de 2023 (data de comparecencia: 26/09/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 25 de setembro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito futuro polo importe de 213.881,94 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.3370.227.20, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 24 de outubro do 2023 (CSV: UWC4ABB91JIS74HU), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Servizo de asistencia técnico educativa do programa Depo.Aventura a Lanzada” por un (1) ano, desde o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2024.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato do “*Servizo de asistencia técnico educativa do programa Depo.Aventura a Lanzada*” formalizados coa empresa Golfiño Xestión de Ocio S.L. (CIF: B-70072905), durante o período desde o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	24/231.3370.227.20	213.881,94€

O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



9.33131.- AMPLIACIÓN DO PRAZO EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DO CEIP DARÍA GONZÁLEZ GARCÍA”. (Expte.2022034932)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/01/2023 acordou adxudicar á empresa *Construcciones Ramirez, S.L.* (CIF B36011005) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora do CEIP Daría González García*”, por un importe de 1.700.370,10 €, IVE incluído, e un prazo de execución de OITO (8) MESES.

Resultando.- Que con data 10/03/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 10/11/2023

Resultando.- Que con data 06/10/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, (REX\_WEB2023056928), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) meses, debido ás seguintes circunstancias:

- Polo retraso na xestión do tratamento do amianto das placas de fibrocemento da cuberta preexistente.
- Por cuestións climatolóxicas debido ás choivas producidas ó inicio das obras e nas últimas semana.
- Por retrasos na entrega de ben e materiais.

Resultando.- Que con data 17/10/2023 emitiu informe a directora de obra recollendo que “...a Dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora NON son imputables á empresa RAMIREZ, entendendo xustificada a concesión da ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES ata o 10/01/2024.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, polo Secretario Xeral da Deputación e polo Interventor, no que informan favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2023000597 adxudicouse á empresa AQUATICA INCENIERIA CIVIL, S.L. (CIF B36962314) o “*Contrato derivado Lote 4 AM seguridade e saude na obra "Mellora do CEIP Daría González García"*”.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “*...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...*”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “*...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...*”



Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. *A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...*”

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa AQUATICA INCENIERIA CIVIL, S.L. (CIF B36962314) Lote 4 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra” (Actuación fóra da rede provincial, así como edificacións, construcións ou instalación)

Considerando.- Que o PCAP que rexeu nesa contratación establecía que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á *Aquatica Inxeniería Civil, S.L.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 4 AM Seguridade e saúde na prórroga da obra “*Mellora do CEIP Daría González García*”, por un importe de 2.420,85 €, IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: YQLUVUVUYVH5EV7X, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/232.2312.632.03.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2021030761, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300220305.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa *Construcciones Ramirez, S.L.*, unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “*Mellora do CEIP Daría González García* ” establecendo coma data para finalizar a obra o día 10/01/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa *Aquatica Inxeniería Civil, S.L.* (CIF B36962314) o Contrato derivado Lote 4 AM Seguridade e saúde na prórroga da obra “*Mellora do CEIP Daría González García*”, por un importe de 2.420,85 €, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	2.000,70 €
IVE (21 %) .....	420,15 €
Importe total .....	2.420,85 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “Mellora do CEIP Daría González García” con efectos dende o 11/11/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023065515

10.33132.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE CLIMATIZACIÓN DA CUBERTA DO EDIFICIO CASTELAO DO MUSEO DE PONTEVEDRA”, E A APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1. (Expte.2023001592)

Resultando.- Que Resolución Presidencial nº2023004935 de data 15/06/2023 adxudicouse a obra “Substitución de tubaxes de climatización da cuberta do edificio Castelao do Museo de Pontevedra”, á empresa BELENUS-NATUR, S.L.U., (B70322011) por un importe total de 91.121,66 € e un prazo de execución de dous meses a contar desde a data da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

A formalización do contrato realizouse en data, dando comezo o prazo de 1 mes para asinar a correspondente acta de comprobación do replanteo.

Resultando.- En data 20/07/2023, asínase a acta de comprobación de replanteo *que determina a data de inicio da obra.*

Resultando.- Que con data 20/07/2023 asínase entre o contratista e o director de obra, acta de paralización das obras xustificando o motivo da suspensión no seguinte:

*“Non está aprobado o Documento de Xestión Preventiva correspondente á obra por parte Coordinadora de Seguridade e Saúde, documento necesario para a apertura do centro de traballo. A Coordinadora de Seguridade e Saúde requiriu á empresa contratista da obra diversas modificacións do documento para a súa aprobación, polo que se considera necesaria a suspensión do inicio dos traballos ata que se aprrobe dito documento e se realice a apertura do centro de traballo.”*

Desaparecidas as causas que motivaron suspensión asinouise por ámbalas partes acta de reinicio de obras con data 5/09/2023, no que se recollen as seguintes observacións: *“xa que con data 31/08/2023 foi aprobado o documento de xestión preventiva por parte da Coordinadora de Seguridade e Saúde, procédese á apertura do Centro de Traballo con data 04/09/2023, polo que se considera adecuado reiniciar as obras con data 05/09/2023”*.



Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº1, emitiu informe a Intervención en data 23/10/2023, recolle a seguinte observación:

*“Se ben consta no expediente unha acta de paralización, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato.*

*CONCLUSIÓN Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto, ou, no seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión.”*

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: *“1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observacións que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta.”*

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Validar a suspensión da obra *“Substitución de tubaxes de climatización da cuberta do edificio Castelao do Museo de Pontevedra”*, recollida na acta de paralización asinada polo contratista e o director de obra en data 20/07/2023, por *non está aprobado o Documento de Xestión Preventiva correspondente á obra por parte Coordinadora de Seguridade e Saúde, documento necesario para a apertura do centro de traballo.*
2. Validar o reinicio da execución da obra *“Substitución de tubaxes de climatización da cuberta do edificio Castelao do Museo de Pontevedra”* recollida na acta de reinicio, de data 5/09/2023, unha vez solventadas as causas que deron lugar á suspensión.



3. Aprobar a certificación nº 1 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA BELENUS-NATUR, S.L.U.	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF B-70322011)	23/333.3330.632.03	11.824,84€
SUBTOTAL		11.824,84€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	328,49€
Control de calidade (3% PEM Lic)		276,17€
Total descontos	Id.	604,66€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		11.220,18€

11.33133.- REAXUSTE DO CADRO DE FINANCIACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE NOVAS LICENCIAS PARA CLIENTES CITRIX DA DEPUTACIÓN E RENOVACIÓN DO PERÍODO DE VIXENCIA DAS ACTUAIS”. (Expte. 2023017069)

A Xunta de Goberno, na súa sesión extraordinaria do día 28 de xullo de 2023, adoptou o acordo de adjudicar o contrato para o Subministro de novas licenzas para clientes CITRIX, da Deputación de Pontevedra e renovación do período de vixencia das actuais, á empresa Técnicos Asociados Informática SAU (CIF A-79.054.748) de acordo co seguinte detalle:

Prezo ofertado do subministro sen IVE (200 licenzas)	39.222,25€
Prezo ofertado das actualizacións sen IVE (3 anos) (370+8+200=578 licenzas)	117.666,75€
Total sen IVE	156.889,00€
21% IVE	32.946,69€
Total ofertado IVE engadido (subministro + actualizacións)	189.835,69€

Considerando que a empresa oferta conxuntamente o mesmo prezo para o subministro, que para o mantemento, debe reaxustarse o cadro de financiamento recollido no acordo nº 16.32854 adoptado na Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023.





Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Rectificar o acordo nº 16.32854 adoptado na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023, do seguinte xeito:

ONDE DI:

- O contrato financiarase de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE
2023	926.926.641.00	48.127,36€
2023	926.9260.227.23	47.236,11€
2024	926.9260.227.23	47.236,11€
2025	926.9260.227.23	47.236,11€
	Total	189.835,69€

DEBE DICIR:

- O contrato financiarase de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE
2023	926.926.641.00	47.458,92€
2023	926.9260.227.23	47.458,93€
2024	926.9260.227.23	47.458,92€
2025	926.9260.227.23	47.458,92€
	Total	189.835,69€



12.33134.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL TÉCNICO PARA OS LABORATORIOS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO” (Expte.2019025853) (Devogarán2023018626)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de xaneiro de 2020 (CSV.- MLEHHH2ASC4ST0IX), adjudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación da obra de “*Subministración de material técnico para os laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro*”. (Expte.2019025853).

Para responder da realización do lote 2 deste subministro, a empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (B-36769479), adjudicataria de dito lote, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (B-36769479)	729,04€	201900165250	09/10/2019

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa favorablemente á devolución da mesma xa que, finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida para o lote 2 (...), o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (B-36769479), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote 2 do contrato de “*Subministración de material técnico para os laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro*” (Expte. 2019025853), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L.*, mediante aval de *SOGARPO*, con número de *REA 01000022271*, por importe de 729,04 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/09/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900165250.

13.33135.- MODIFICACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO CONCEDIDA MEDIANTE RP NÚMERO 2023005565 DE DATA 12/07/2023 PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA “REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS”. (Expte.2023035354)

Antecedentes:

- *Primeiro.*- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.
- *Segundo.*- Este Plan para reparación dos danos causados polas inundacións está dotado de dous millóns setecentos vinte e mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais.
- *Terceiro.*- Os beneficiarios destas axudas son os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, nos que se recollen máis de 50 litros por metro cadrado de precipitación durante a xornada do 1 de xaneiro de 2023 (datos obtidos de Meteogalicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia).
- *Cuarto.*- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. No caso concreto do *Concello de Campo Lameiro* constaban precipitacións de 65,93 l/m<sup>2</sup> polo que resultaba un importe máximo subvencionable de 52.308,00€.
- *Quinto.*- En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030781), ao abeiro do Plan de inundacións, petición do Concello de Campo Lameiro, emendada nas datas 05/06/2023, 06/06/2023 e 06/07/2023 (núm. rexistro WEB2023036110, WEB2023036406 e WEB2023042558 respectivamente), na que solicita con cargo á citada cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 52.308,00 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Reparación de danos causados polas inundacións en Mullerboa e Fontenla*”, cun orzamento polo mesmo importe.



- *Sexto.*- Na data 15/05/2023 o expediente informouse favorablemente polo facultativo técnico do Servizo de Cooperación e en data 07/07/2023 pola xefa do Servizo de Cooperación e pola Intervención provincial.
- *Sétimo.*- Mediante RP núm. 2023005565 do 12/07/2023, resolveuse o seguinte:  
*“Conceder ao Concello de Campo Lameiro, CIF P3600700C, a cantidade de 52.308,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS EN MULLERBOA E FONTENLA” (Expte. 2023035354), cun orzamento polo mesmo importe.  
Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa presentación da xustificación da axuda económica concedida. (...)”*
- *Oitavo.*- Con posterioridade, Meteogalicia emite un novo informe meteorolóxico o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023 e, entre eles, os datos relativos ao *Concello de Campo Lameiro*.  
Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectifícase a citada RP núm. 2023004393, de 02/06/2023.  
Toda vez que as precipitacións rexistradas no *Concello de Campo Lameiro* aumentan ata os 74 l/m2, correspóndelle ao Concello unha cantidade máxima subvencionable de 69.744,00 euros, aumentando en 17.436,00 € a cantidade inicial, podendo o concello reformular a súa solicitude.
- *Noveno.*- En data 19/10/2023, con núm. de rexistro WEB2023058542, o Concello presenta no Rexistro da Deputación, a reformulación da súa solicitude inicial, solicitando a subvención para unha nova actuación denominada *“Reparación de danos causados polas inundacións en Camiño de Mullerboa”* por importe de 17.436,00 € e cun orzamento polo mesmo importe, condicionada á autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo imprescindible que se remita coa presentación da xustificación da subvención.

A solicitude reformulada de subvención reflíctese na seguinte táboa:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
1. REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS EN MULLERBOA E FONTENLA	52.308,00 €	52.308,00 €
2. REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS EN CAMIÑO DE MULLERBOA	17.436,00 €	17.436,00 €
TOTAL	69.744,00 €	69.744,00 €



- *Décimo.-* A nova actuación conta co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 23/10/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 23/10/2023 e da Intervención Provincial de data 24/10/2023.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións , relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

## RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

## CONCLUSIÓNS

Tendo en conta a Resolución Presidencial núm. 2023006725 de data 05/09/2023, e corroborados os datos, ao *Concello de Campo Lameiro* correspóndelle un importe máximo subvencionable de 69.744,00 €.

En base aos datos corrixidos, o Concello reformula a súa petición de subvención, na que solicita incrementar a subvención concedida ata a cantidade de 69.744,00 euros, ao presentar unha segunda actuación denominada “*Reparación de danos causados polas inundacións en Camiño de Mullerboa*”, cun orzamento polo mesmo importe.

Comprobouse que constan no expediente a documentación precisa para a válida concesión desta subvención. O importe solicitado está dentro do importe máximo subvencionable asignado a ese concello, unha vez corrixidos os erros.



Debido a que mediante a RP núm. 2023005565, de data 12/07/2023, se concedeu unha subvención ao *Concello de Campo Lameiro* por importe de 52.308,00 €, cun orzamento subvencionable pola mesma cantidade, procede modificar o importe da subvención concedida incrementándose o importe en 17.436,00 € ata a cantidade de 69.744,00 €.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos aplicables, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o importe da subvención concedida ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF P3600700C, mediante a RP 2023005565, de 12/07/2023, para o investimento “*Reparación de danos causados polas inundacións en Mullerboa e Fontenla*”, aumentando a subvención en 17.436,00 euros ata o importe de 69.744,00 € e cun orzamento polo mesmo importe, ao considerarse a subvención dunha segunda actuación denominada “*Reparación de danos causados polas inundacións en Camiño de Mullerboa*”, quedando configurada a subvención tal como se reflicte na seguinte táboa:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
1. REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS EN MULLERBOA E FONTENLA	52.308,00 €	52.308,00 €
2. REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS EN CAMIÑO DE MULLERBOA	17.436,00 €	17.436,00 €
TOTAL	69.744,00 €	69.744,00 €

Quedando igualmente condicionada a segunda actuación (*Reparación de danos causados polas inundación en Camiño de Mullerboa*) á autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo imprescindible que se remita coa presentación da xustificación da subvención.

A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 2023/942.9428.762.97 do orzamento provincial para o vixente exercicio.



14.33136.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023065936)

Vista a relación de facturas con número 2023065936, que contén 11 facturas e por un importe de 30.711,77€ e con CSV: QMUH5TW3R13YUVSV, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26/10/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	30.711,77 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	30.711,77 €

15.33137.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “INSTALACIÓN DUN PANEL DE SINIALIZACIÓN NA PONTE DE PONTE SAMPAIO”, APROBADA Ó SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Expte. 2022032657)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión do día 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), unha subvención a favor do Concello de Soutomaior, con NIF: P3605300G, para a “*Instalación dun panel de sinalización na ponte de Ponte Sampaio*”, por un importe de 3.406,15€, con cargo á aplicación 23/332.3322.762.00.2022, e recibido escrito do concello interesado na sede electrónica, de 25 de outubro de 2023 (núm. de rexistro WEB2023059261), a través do cal renuncia á subvención concedida no seu día pola imposibilidade de realización da actividade subvencionada, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da área de Intervención, de 26 de outubro de 2023, con CSV: 6ED7HS6S6TUDR0JS, a Xunta de Goberno queda informada e acepta a dita renuncia e declara concluso o citado procedemento, de acordo co disposto no artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





16.33138.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “TEATRO ACCESIBLE PARA TOD@S”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023. (Expte. 2023014446)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de xuño de 2023 unha subvención a favor da *Asociación de personas sordas de Vigo* con CIF: G-36.622.835, do *Concello de Vigo*, por un importe de 861,44 €, para o proxecto “*Teatro accesible para tod@s*” co CSV: 5IBEEHV8NURMFWHM e con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2023050520 de data 29/08/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada pola falta de espazo para realizar a actividade, coa dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 16 de outubro de 2023 con CSV: O1MJOS5ILEZ9HXB4 é polo que, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

17.33139.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS GALIÑEIRO DE VINCIOS DO CONCELLO DE GONDOMAR, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “VIII FESTA DO/A SOCIO/A E DO/A VECIÑO/A”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023 (Expte.2023013005)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de xuño de 2023 unha subvención a favor da *Asociación de veciños Galiñeiro de Vincios Gondomar*, con CIF: G-36.650.059, do *Concello de Gondomar*, por un importe de 1.319,07 €, para o proxecto “*VIII Festa do/a socio/a e do/a veciño/a*” co CSV: 5IBEEHV8NURMFWHM e con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2023057030 de data 06/10/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada polas condicións climatolóxicas, coa dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 16 de outubro de 2023 con CSV: K7BK2JAKD3OL94F2 é polo que, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18.33140.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN VIÑO ACTIVO DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “ROCK NO ALBOIO 2023”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023 (Expte.2023013839)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de xuño de 2023 unha subvención a favor da *Asociación Viño Activo* con CIF: G-01.857.820, do *Concello de Vigo* por un importe de 1.790,17 €, para o proxecto “*Rock no Alboio 2023*” co CSV: 5IBEEHV8NURMFWHM e con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2023054759 de data 24/09/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada polas condicións climatolóxicas e ante a imposibilidade de atopar unha nova data dispoñible, coa dilixencia de fiscalizado e



conforme de Intervención de data 20 de outubro de 2023 con CSV: J1ZYUIVH38X0Q7MK é polo que, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

19.33141.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC GALEGA AUDIOVISUAL INCLUSIVA (AGAIN), DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “VIII FESTIVAL DE CINE INCLUSIVO DE VIGO 2023”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 10/06/2023 (Expte.2023018335)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 10 de xuño de 2023 unha subvención a favor da *Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (AGAIN)*, con CIF: G-27.854.306, do *Concello de Vigo*, por un importe de 10.214,01 €, para o proxecto “*VIII Festival de cine inclusivo de Vigo 2023*” co CSV: Z1YYJ1GI9RCMLB5X e con cargo á aplicación 23/330.3340.489.05, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2023057460 de data 11/10/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada por asuntos propios dos integrantes da asociación que impiden a correcta celebración do evento, coa dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 18 de outubro de 2023 con CSV: P4VZJ1LHEDEULC0P é polo que, a Xunta de Goberno queda informada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

20.33142.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 22/09/2023 (Nº8.32984), POLO QUE SE AUTORIZOU O PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “URBANIZACIÓN DE RÚAS NO NÚCLEO DE OUTEIRO” DO CONCELLO DE FORCAREI (Expte.2021017809)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2023, adoptou, entre outros acordos autorizar ao *concello de Forcarei* o proxecto modificado do investimento “*Urbanización de rúas no núcleo de Outeiro*”, incluído no Plan Concellos 2021 (Expte. 2021017809).

Advertido erros nas conclusións e parte resolutiva do acordo núm. 8.32984 da Xunta de Goberno do día 22 de setembro de 2023 e visto a dilixencia de Intervención no que se fundamenta o citado acordo, procédese a súa rectificación de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A visto do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir dito acordo no seguinte sentido:

Onde di, nas CONCLUSIÓNS

*“... As modificacións propostas supoñen unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 12,02%. Deste modo, o orzamento de adxudicación pasa a importar 121.991,61 euros, o que representa un incremento de 13.092,82€ con respecto ao prezo establecido inicialmente. Deste incremento de 1.417,26 euros serán financiados contra a baixa acadada na adxudicación do contrato e o importe que resta, é dicir, 11.675,56 euros serán financiados polo concello...”*



Debe dicir, nas CONCLUSIÓNS:

*“... As modificacións propostas supoñen unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 12,02%. Deste modo, o orzamento de adxudicación pasa a importar 121.991,61 euros, o que representa un incremento de 13.092,82 euros con respecto ao prezo establecido inicialmente. Deste incremento de 1.714,89 euros serán financiados contra a baixa acadada na adxudicación do contrato e o importe que resta, é dicir, 11.675,56 euros serán financiados polo concello...”*

Onde di, nas CONCLUSIÓNS

*“... 2.- Que a baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 1.417,26 euros, se aplique no financiamento do proxecto modificado...”*

Debe dicir, nas CONCLUSIÓNS

*“... 2.- Que a baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 1.714,89 euros, se aplique no financiamento do proxecto modificado...”*

Onde di, na parte RESOLUTIVA:

*“... – Autorizar o emprego da baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 1.417,26 €, no financiamento do proxecto modificado. Mais, o concello terá que asumir o financiamento do importe de 11.675,56 €...”*

Debe dicir, na parte RESOLUTIVA:

*“... – Autorizar o emprego da baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 1.714,89 €, no financiamento do proxecto modificado. Mais, o concello terá que asumir o financiamento do importe de 11.675,56 €...”*

Permanecerá invariable o resto do texto do acordo.

Darlle traslado do presente acordo ao concello de Forcarei, á Intervención e ao Servizo de Cooperación.

21.33143.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.33144.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.33145.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

